

Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se publican as adxudicacións definitivas de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza convocados pola Resolución do 26 de maio de 2026

O 26 de maio de 2026 publicouse na Intranet de Xustiza e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza.

Vistas as solicitudes presentadas e de conformidade co establecido no artigo 11 da Resolución do 19 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia, o 03 de xuño de 2026 publicouse resolución pola que se establecían as adxudicacións provisionais.

Transcorrido o prazo de 3 días hábiles establecido no artigo 11.2 e de conformidade co disposto no artigo 12 da Resolución do 19 de decembro de 2025,

RESOLVO

Primeiro.- Facer públicas, no Anexo I da presente resolución, as puntuacións definitivas obtidas por cada participante da convocatoria.

Segundo.- Aprobar e facer pública, no Anexo II da presente resolución, a listaxe das adxudicacións definitivas dos postos.

Terceiro.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e máis na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/xustiza/persoal/comisions-servizo>)

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



ANEXO I

LISTAXE DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO CORPO DE MÉDICOS FORENSES

Non hai persoas excluídas.

ANEXO II

**LISTAXE PROVISIONAL DE POSTOS ADXUDICADOS EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO CORPO
DE MÉDICOS FORENSES**

Órgano xudicial da desocupación:	IMELGA. SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO		
Código do posto:	XG9251820027001306.02		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	MF
Persoa adxudicataria	López Gómez, María Juana		

